



MORRER COMO UM HOMEM

Portugal | 2009 | 133 min | Drama

DIRECTOR João Pedro Rodrigues

GUIÓN João Pedro Rodrigues, Rui Catalão

FOTOGRAFÍA Rui Poças

INTÉRPRETES Fernando Santos, Alexander David, Gonçalo Ferreira de Almeida, Fernando Gomes, Jenni La Rue, Miguel Loureiro, Chandra Malatitch, André Murraças, Cindy Scrash

SINOPSE Unha noite escura, en plena guerra, un soldado mozo deserta. Tonia, toda unha estrela dos espectáculos de travestis en Lisboa, ve como os seus días de gloria se esvaecen ante a imbatible competencia das artistas máis novas. Mentres o seu novo noivo Rosário lle insiste para que se someta a unha operación de cambio de sexo, Tonia loita contra as súas crenzas relixiosas máis íntimas. Aínda que ceda aos desexos de Rosário de se converter en muller, sabe que ante Deus nunca poderá facelo. Canto ao seu fillo, a quen abandonou sendo un neno, acaba de desertar e vai na súa busca.

Hai que ter coidado co Festival de Cannes. A súa repercusión mundial é, si, insuperábel, e para calquera director visitar a Costa Azul é como ocupar a *pole position* nun campionato de Fórmula 1. Mais esa visibilidade ten un reverso perigoso, pois tamén coloca os filmes ao alcance de críticos e programadores que realmente odian o cinema, que detestan a súa necesaria diversidade e negan calquera proposta que se afaste do sota-cabalo-rei no que se senten cómodos. Así foi que unha obra mestra como *Morrer como um homem*, terceira longametraxe do João Pedro Rodrigues, pasou en 2009 pola sección Un Certain Regard entre a indiferenza e o desprezo expreso de medios coma *Variety*, que a condenou a vagar unicamente por festivais de temática LGBT e a vinculaba —que tópico tan tonto!— con Pedro Almodóvar. Mais como apuntou Dennis Lim nun imprescindíbel artigo-entrevista publicado na revista de referencia *CinemaScope*, os filmes de João Pedro Rodrigues exhiben en abundancia o que dende hai tempo escasea nos de Almodóvar, “brío, nervio e unha verdadeira empatía polas necesidades carnaís e o comportamento transgresor”.

Morrer como um homem ten moito de musical, mais é un musical austero, íntimo, sen espectáculo; contido até no formato, o 4:3 que remite ao cinema clásico e incluso o mudo, evocado nas secuencias tintadas do bosque. A protagonista é unha *drag* veterana, unha



histórica da noite de Lisboa cun fillo ausente e un noivo fráxil, adicto ás drogas. Tonia é home e muller, pai e amante; un personaxe múltiple que fai súa a canción de Paulo Bragança que interpreta na memorábel secuencia final do cemiterio: “quero ser plural / crescente e mingunte / viver num segundo / o eterno instante”. Leva décadas actuando coma muller con pleno convencemento aínda que sen atreverse a dar o paso da cirurxía de reasignación de xénero —explicada a través da papiroflexia nunha brillante escena—, mais como adianta o título do filme na hora da morte acabará por vestir traxe masculino e gravata. Tonia é unha figura forte mais vencida, esgotada polo esforzo de “nacer larva” e “morrer borboleta”. Necesitada dunha paz e unha felicidade que merece, a súa poderosa humanidade enche este filme excepcional feito por un dos máis grandes cineastas da actualidade.

Martin Pawley

SINOPSIS Una noche oscura, en plena guerra, un joven soldado deserta. Tonia, toda una estrella de los espectáculos de travestis en Lisboa, ve cómo sus días de gloria se desvanecen ante la imbatible competencia de las artistas más jóvenes. Mientras su joven novio Rosário la presiona para que se someta a una operación de cambio de sexo, Tonia lucha contra sus creencias religiosas más íntimas. Aunque ceda a los deseos de Rosário de convertirse en mujer, sabe que ante Dios nunca podrá hacerlo. En cuanto a su hijo, al que abandonó siendo un niño, acaba de desertar y va en su búsqueda.

Hay que tener cuidado con el Festival de Cannes. Su repercusión mundial es, sí, insuperable, y para cualquier director visitar la Costa Azul es como ocupar la *pole position* en un campeonato de Fórmula 1. Pero esa visibilidad tiene un reverso peligroso, pues también coloca las películas al alcance de críticos y programadores que realmente odian el cine, que detestan su necesaria diversidad y niegan cualquier propuesta que se aleje del sota-caballo-rey en el que se sienten cómodos. Fue así que una obra maestra como *Morrer como um homem*, tercer largometraje de João Pedro Rodrigues, pasó en 2009 por la sección Un Certain Regard entre la indiferencia y el desprecio expreso de medios como *Variety*, que la condenó a vagar únicamente por festivales de temática LGBT y la vinculaba —¡qué tópico tan tonto!— con Pedro Almodóvar. Pero como apuntó Dennis Lim en un imprescindible artículo-entrevista publicado en la revista de referencia *CinemaScope*, las películas de João Pedro Rodrigues exhiben en abundancia lo que desde hace tiempo escasea en las de Almodóvar, “brío, nervio y una verdadera empatía por las necesidades carnales y el comportamiento transgresor”.



Morrer como um homem tiene mucho de musical, pero es un musical austero, íntimo, sin espectáculo; contenido hasta en el formato, el 4:3 que remite al cine clásico e incluso el mudo, evocado en las secuencias tintadas del bosque. La protagonista es una *drag* veterana, una histórica de la noche de Lisboa con un hijo ausente y un novio frágil, adicto a las drogas. Tonia es hombre y mujer, padre y amante; un personaje múltiple que hace suya la canción de Paulo Bragança que interpreta en la memorable secuencia

final del cementerio: “quero ser plural / crescente e minguante / viver num segundo / o eterno instante” [quiero ser plural / creciente y menguante / vivir en un segundo / el eterno instante]. Lleva décadas actuando como mujer con pleno convencimiento, aunque sin atreverse a dar el paso de la cirugía de reasignación de género —explicada a través de la papiroflexia en una brillante escena—, pero como adelanta el título del film, en la hora de la muerte acabará por vestir traje masculino y corbata. Tonia es una figura fuerte pero vencida, agotada por el esfuerzo de “nascer larva” [nacer larva] y “morir borboleta” [morir mariposa]. Necesitada de una paz y una felicidad que merece, su poderosa humanidad llena este film excepcional hecho por uno de los más grandes cineastas de la actualidad.

Martin Pawley